



O MUSEO EN CAMIÑO

ACTIVIDADE 2

De ourives e tesouros

ACT. 2

De ourives e tesouros

FICHA TÉCNICA DA OBRA

Título: Tesouro de Caldas de Reis

Autor/a: Descoñecido

Data: Idade de Bronce,
II-I milenio a. C.

Lugar: Caldas de Reis

Técnica: Fundido á cera perdida



É un dos tesouros de ouro da Prehistoria máis importantes da Península Ibérica e un dos de maior relevancia de toda Europa. Foi descuberto de forma casual o 20 de decembro do ano 1940 na veiga das Silgadas, cando un veciño de Caldas facía buracos para colocar os postes das viñas. A datación dalgunhas pezas xira arredor dos inicios da Idade de Bronce, hai aproximadamente 3.700 anos, aínda que

xorden grandes dúbidas debido a dúas cuestións principais: por un lado, a técnica de elaboración denominada «cera perdida», da que se dubida que poida ser tan antiga, e, por outro lado, a composición do tesouro, pois a gran cantidade de lingotes fai pensar nunha forma ou sistema de pago, o que nos leva a momentos máis recentes.

ACTIVIDADE

Actividade de deseño de xoias a través de procesos de modelaxe e gravado sobre estaño, co fin de achegar aos participantes os procesos artesanais.

Para que?

- Desenvolver os pasos para a fabricación da xoiería e da artesanía.
- Coñecer o patrimonio cultural e histórico de Galicia, en concreto o tesouro máis importante da Península.
- Poñer en valor a artesanía como actividade artística.

Contidos

- Coñecemento de manifestacións artísticas.
- Identificación de formas básicas xeométricas.
- A liña e as súas posibilidades expresivas.
- Modelaxe, corte e pregado.
- Técnicas de gravado e impresión.

Como se fai?

1.º Actividade de coñecemento:

presentación do *Tesouro de Caldas de Reis* para descubrir conceptos e particularidades do contexto e da época, así como o xeito de fabricación e as ferramentas utilizadas para a elaboración das pezas. Apoiarase a explicación co mapa visual que se lles entrega aos participantes.

2.º Actividade de deseño e creación:

elaboración dunha xoia seguindo as fases dun proceso creativo: concepción da idea, deseños previos, selección de modelos e realización da peza a escala real en estaño (cortar a figura e gravar os debuxos con palillos).

3.º Exposición dos traballos feitos para ver, comentar e compartir ideas.

Duración

1:30 h.

Agrupamentos

Individual e gran grupo.

Materiais e recursos

- Papeis, lapis, estaño, tesoiras, cartón (ou superficie de soporte acolchada)

